



○ CASINO ○

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Nestes días recibimos dúas subvencións máis: unha de 900 € para a programación anual de actividades, da Consellería de Cultura e outra, de 1.200 €, da Secretaría Xeral de Comunicación, da Consellería da Presidencia, para material informático, que se xustificou coa compra do ordenador da Cultural.

Por outra banda, a nosa solicitude de subvención para a restauración dos nosos muíños e do seu entorno acadou a máxima valoración en ADRICONPA, o grupo de acción local que xestiona os fondos europeos para a nosa bisbarra. Tamén foi ben valorado pola Consellería de Medio Rural, polo que aprobáronnos unha subvención do 75% do presuposto (é dicir, uns 60.000 €). A partir deste número de O Casino achegaremos unha folla con toda a información sobre as xestións para a restauración dos muíños de Couso.

Agora temos por diante un trimestre con moito traballo burocrático para conseguir tódolos permisos e autorizacións necesarios para empezar coa restauración. Hai que buscar tamén unha empresa que faga o traballo. Por iso, pedimos especialmente a colaboración de todos en este trimestre porque temos un gran reto por diante, e tódolos consellos, participacións e colaboracións van ser importantes. Este traballo intensivo respecto aos muíños repercute, en certa medida, nunha programación máis cativa para este trimestre. Esperamos que o comprendades.

É importante que teñades en conta que tivemos que facer cambios nas datas da asemblea de socios e o festival de Nadal. **A asemblea pasa para o día 13 de xaneiro.** Hai moitos puntos que tratar e

pregámosvos puntualidade. Ao rematar a asemblea haberá degustación dos pratos "con algo de amasar" que levemos os socios e socias.

O Festival de Nadal pasa para o día 21 de xaneiro, xa que as obrigas laborais e doutro tipo das persoas que están a preparar actuacións non permiten que se poida levar a cabo nas datas orixinalmente indicadas.



Neste exemplar:

- | | |
|----------|--|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 4 | Receita • Colaboración literaria (por Mari Carballido) |
| 6 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

Asemblea Xeral de Socios



Sábado, 13 de xaneiro, 17'30 horas

Ao final da asemblea degustaranse platos feitos con algo de amasar.

Domingo, 21 de xaneiro,
16'00 horas

Festival de Nadal



Actuacións en directo, con play-back e de todo tipo, teatro, etc.

Sendeirismo



Sendeiro polos arredores de Couso. San Cibrán, Padrán, Área Recreativa da Fraga do Rei (13 km ida e volta; 4h30)

Domingo, 11 de febreiro, 9'00 horas

1º TRIMESTRE 2007

17-20 de febreiro

Entroido



Como tódolos anos celebrarémolo en Couso e participaremos no de Guláns. Anunciaranse con antelación os días e horarios, en función do que estea previsto en Guláns.

Sendeirismo



Recorrido ata O Pianista, o Faro de Budiño e volta, polo Corucho. 12 km. 4 horas

Domingo, 4 de marzo,
09'00 horas

Domingo, 18 de marzo

Festa do Pote



Celebración da tradicional festa do Pote.

Sábado, 24 de marzo,
19'00 horas

Charla sobre alimentación sá



Charla sobre como facer unha alimentación máis saludable.

Receita

Leite frita

INGREDIENTES:

- ¾ de litro de leite
- 5 cucharadas de azúcar
- 5 cucharadas de maicena
- 2 xemas
- 1 cáscara de limón
- 1 rama de canela
- Fariña para rebozala
- 2 ovos
- Aceite, azúcar e canela

PREPARACIÓN:

Nunha taza disólvese a maicena cun pouco de leite frío. O resto do leite ponse ao lume coa monda do limón, a canela en rama e o azúcar. Cando estea a punto de levantar o primeiro fervor engádeselle a maicena sen deixar de remexer coa espátula de madeira, e deixase cocer lentamente uns cinco minutos. Séguese remexendo fora do lume e cando estea tempada engádense as dúas xemas. Retírase o limón e a rama de canela e vertese a masa nunha fonte fonda para que quede do grosor desexado. Deixase enfriar polo menos dúas horas. Partese en dados, rebozanse en fariña e ovo batido e fríense con abundante aceite.

Para que estean quentes no momento de servilos pode poñerse a fonte uns minutos no forno antes de levala á mesa. Espolvoreanse co azúcar e a canela no momento de servilos.

Do libro *Cocina Gallega*, de Álvaro Cunqueiro e Araceli Filgueira Iglesias

MEUS IRMÁNS

Hoxe vou a escribir sobre os irmás en concreto dos meus, seguro que non lles fai graza ningunha, ¿Porque o fago? Pois simplemente porque eles son o mais grande de teño despois de miña nai e quero que vos miredes un pouco o meu punto de vista que teño sobre eles e poida que aprendades tanto como eu aprendín.

Fun unha nena con uns cantos problemíñas, falaba con dificultade, pero o mais gordo de todo foi o complexo pero se de algo estou orgullosa e de todas as charlas as que estaba sometida para que o superara.

¿Que, quen, me daba as charlas? Pois nin mais nin menos que meus irmáns, axudáronme a estudar, pois dábame moito traballo aprender, pero o gran problema que tiña era que non preguntaba ¿Porque? Pois simplemente porque imaxinaba que non me ían entender os mestres, cando a verdade e que non tiven problemas na escola cos mestres ata que cheguei a octavo de EXB.

Como digo en Octavo tiven que afrontar un problema moi gordo, estaba unha idade moi complicada e por enriba tiña como mestre a persoa con mais complexo e desdicha que existe no

planeta terra e fixo posible que odiara a miña adolescencia pois todo o traballo que meus irmáns levaran para facerme sentir normal tirouno pola borda e outra vez tiveron que volver a empezar e unha vez mais os meus anxos fixeron posible que termina por darme pena esa señora.



Sempre tiven amigas e amigos no colexio, pero os meus mellores amigos meus irmáns sempre estaban hai para que non me quedara soa, de cativa estaban os maiores pendentes e cando xa era mais grandíña tiñas as peques, en ningún momento me deixaron soa.

Dóeme moito ver como agora os nenos e nenas e non tan nenos din que se aburren, daquela xamais nos aburriamos tiñamos nos festa dabondo.

Se algún día chegaba a casa triste eu tiña un problema non paraban hasta que terminaba por contarllo, día tras día que fun cunha historia horrorosa a casa pódovos asegurar, que os quince minutos esa historia cambiaba totalmente de cor e transformábase

nun pequeno suceso e Mari terminaba por sorrir.

Se iamos a comprar facíanme pedilo a min, sempre me tiñan por diante xamais me deixaron a tras.

Meus irmáns, o pano das miñas bagoas, os puntos sobre as ís, a esencia da miña persoa, non teño palabras para describir todo o que eles son e foron para min.

Quero transmitirvos o importante que e axudar a un irmán, axudalo a ser un pouco mais feliz, non importa o grande ou pequeno que sexa, un consello, unha caricia, unha bagoa, un sorriso fanos a todos a vida un pouco mais doce.

Miro que o mundo esta cheo de vidas valeiras, de sufrimento e de dor, fai falla moito amor.

Amor os irmáns, un amor gratificante sen premios pero recompensa a felicidade dunha vida mellor.



Actividades realizadas

O tempo non permitiu realizar o recorrido micolóxico. En calquera caso houbo outras xornadas micolóxicas nas cercanías, como as de Covelo, Ponteareas ou Mondariz e isto fixo que a xente que podía vir a facer a actividade estivera ocupada nestes lugares. Temos que adiantar a data desta actividade para poder realizala.



O domingo, 12 de novembro, celebrouse a festa de San Martiño. Houbo pouca xente colaborando na organización da festa, polo que vos animamos a constituir unha comisión de festas para manter estas celebracións, xa que non podemos os mesmos ocuparnos de todo.



Domingo 26 de novembro, fixemos a sementeira do centeo. Nunha finca da Chan cedida por Modesta, preparamos a terra e sementamos con tractores. Noutra finca preto da Cultural sementamos cavando e ao suculto. Todo co asesoramento dos maiores do lugar. Boa participación. Agora a esperar pola colleita ... se o xabarán o permite.



Estes días estanse ensaiando forte as actuacións e preparando o resto de actividades do Nadal, que culminarán no Festival do día 21 de xaneiro, retrasado sobre a data prevista por causas de forza maior.